

O CASO DO PÉ DO POLBO

Hoxe veume un polbo nunha peixeira. Tróuxomo a balea, disfrazada de muller gorda.

- Podes andar así pola rúa? – pregúntolle.
- Atópasme pouco atractiva? – dime ela.
- Si - dígolle - Nunca casaría contigo.

Entón a balea, abriu a billa do seu chafariz e púxome a pingar. É inútil conversar así. Pregúntolle polo polbo.

- Un mero papoulle un raxo; agora só lle quedan sete.

Póñolle ao polbo na ferida un emplasto de Alga-bit e dígolle:

- Xa está. De aquí a uns días volverá medrarlle o brazo.
- Canto lle debo? - pregunta ela.
- O tesouro dun pirata.

A balea abre as súas fauces e expulsa un grande tesouro de moedas de ouro, perlas, coroas de diamantes, restos de vellos galeóns e catro esqueletos de piratas con parche.

- Abonda xa! - dígolle - Xa está ben!

Por fin marchou. Son tan rico que non podo nin soñalo.

Hoxe tiveron un mal día. Volveu de novo a balea coa peixeira que tiña un polbo coxo.

- Enganáchesme - di - O teu remedio fixo que no canto dun raxo lle medrase un pé de home. Devólveme o que che paguei!
- Santa Rita, Rita...! - dígolle.

A señora balea enrabéchase moito e engóleme dun bocado.

- Déixame saír! - bérrolle.

Pero ela insiste. Quere recuperar o seu tesouro.

- Fareino se me deixas saír!
- E casarás comigo? - pregunta ela.
- De ningún xeito!.
- Daquela quedarás aí por sécula séculorum... .dime ela.

Menos mal que eu levaba no peto da miña bata o walkman de música roqueira. Póño en marcha e ela ponse a bailar e cantar. Aproveito para saír pola súa boca e agocharme no armario. Está tan ensumida na música que non se decatou da miña fuxida.



Gloria Sánchez, "Doutor Rus"

Sabes como continúa a frase: Santa Rita, Rita, Rita...?

Sabes o que significa a expresión: Sécula seculórum? Marca a resposta correcta.

☐ Para sempre

☐ Un pouco

Busca na sopa de letras os nomes dos animais mariños que aparecen na lectura.

E	N	E	R	A	A	L
P	B	B	B	E	P	O
O	L	O	L	R	O	R
L	O	A	E	S	L	A
R	B	R	O	B	B	L
M	O	L	E	O	O	S
A	A	L	B	M	S	L

Que profesión ten un dos protagonistas da historia?

Médico

Compoñedor

Veterinario

Cantos raxos ten un polbo?

A historia sucede en dous días, saberías que sucede en cada un?

A balea leva o polbo ao veterinario. Ao polbo medroulle un pé.

A balea engole ao veterinario. O veterinario ponlle un emplasto.

A balea canta e o veterinario fuxe. A balea págalle cun tesouro.

1º DÍA	2º DÍA